



TA.0040

SOLICITUDE DE: ALTA/BAIXA/VARIACIÓN DE DATOS/SUSPENSIÓN/CONTINUACIÓN DE CONVENIO ESPECIAL

1. DATOS DO SUBSCRITOR

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL
DATA DE NACEMENTO	TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO		NÚM. DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO
Día Mes Ano	NIF	NIE PASAPORTE	
DOMICILIO	TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA PÚBLICA	BLOQUE NÚM. BIS ESCAL. PISO PORTA CÓD. POSTAL
DATOS TELEMÁTICOS	MUNICIPIO/ENTIDADE DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO		PROVINCIA
	CORREO ELECTRÓNICO		
	ACEPTO ENVÍO COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL Sí ☐ NON ☐ TELÉFONO MÓBIL		

2. TIPO DE SOLICITUDE

ALTA ☐	VARIACIÓN DE DATOS/SUSPENSIÓN/CONTINUACIÓN ☐	BAIXA ☐
-------------------------------	---	--------------------------------

3. TIPO DE CONVENIO ESPECIAL (Deberase marcar un único tipo de convenio especial)

☐ NORMAL OU ORDINARIO (Se selecciona este tipo de convenio, deberá indicar a causa de alta no apartado 4.1.)		
OUTROS TIPOS DE CONVENIOS ESPECIAIS		
☐ PERCEPTOR DE SUBSIDIO DESEMPREGO MAIORES 52 ANOS	☐ ASISTENCIA SANITARIA PENSIONISTAS SUÍZOS RESIDENTES EN ESPAÑA	☐ FUNCIONARIOS/AXENTES UNIÓN EUROPEA
☐ TRABALLADOR CON CONTRATO A TEMPO PARCIAL	☐ TRABALLADOR DE TEMPADA E SIST. ESPECIAL FROITAS E HORTALIZAS E CONSERVAS VEXETAIS	☐ PLURIEMPREGO OU PLURIACTIVIDADE. CESAMENTO DE EMPREGO/ACTIVIDADE
☐ REDUCCIÓN XORNADA TRABALLO CON DIMINUCIÓN PROPORCIONAL SALARIO	☐ DEPORTISTA DE ALTO NIVEL	☐ TRABALLADORES AXENCIAS ADUANAS
☐ TRABALLADOR TEMPADA SEN ACTIVIDADE	☐ TRABALLADOR FIXO DESCONTINUO PERCEPTOR DO SUBSIDIO DE DESEMPREGO	☐ FOLGA OU PECHE PATRONAL. INDIQUE A DATA DE FINALIZACIÓN: Día Mes Ano
☐ CUMPRIMENTO DEBERES PÚBLICOS, PERMISOS E LICENZAS QUE NON DEAN LUGAR A EXCEDENCIA NO TRABALLO. PERMANENCIA EN ALTA SEN RETRIBUCIÓN OUTROS TIPOS DE CONVENIOS ESPECIAIS		
CONVENIOS PARA EMIGRANTES E FILLOS DE EMIGRANTES		
☐ RESIDENTES NO ESTRANXEIRO	☐ RETORNADOS	☐ RESIDENTES EN ESPAÑA A BORDO DE EMBARCACIÓNS ESTRANXEIRAS
☐ EMIGRANTES ☐ FILLOS DE EMIGRANTES	☐ EMIGRANTES ☐ FILLOS DE EMIGRANTES	
CONVENIOS PARA FUNCIONARIOS OU EMPREGADOS ESPAÑOIS DE ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS INTERGOBERNAMENTAIS		
☐ CON SEDE EN ESPAÑA ☐ CON SEDE NO ESTRANXEIRO		
CONVENIOS PARA TRABALLADORES INCLUÍDOS EN EXPEDIENTES DE REGULACIÓN DE EMPREGO 76/2000 E 25/2001		
Indique a data de cesamento na empresa por ERE SINTEL: Día Mes Ano		
O subscritor realiza algunha actividade por conta allea ou por conta propia? Sí ☐ NON ☐		
O subscritor recibe o subsidio de desemprego para maiores de 52 anos? Sí ☐ NON ☐		

4. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE DE ALTA

4.1 CAUSA DA ALTA		
Se seleccionou convenio especial normal ou ordinario no apartado anterior, debe identificar a última situación na que se atopa das seguintes:		
☐ BAIXA NUN RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL	☐ TRABALLADOR CONTA PROPIA CON MÁIS DE 65 ANOS, EXENTO DE COTIZAR	☐ BAIXA NUN RÉXIME POR SOLICITUDE DE PENSIÓN, POSTERIORMENTE DENEGADA
☐ BAIXA NUN RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL SENDO PENSIONISTA DE INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL	☐ CONTRATACIÓN CON BASE DE COTIZACIÓN INFERIOR Á MEDIA DE BASES DE COTIZACIÓN DOS 12 MESES ANTERIORES Á BAIXA	☐ BAIXA NO SISTEMA ESPECIAL PARA EMPREGADOS DO FOGAR
☐ BAIXA NA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO POR DESEMPREGO	☐ REVISIÓN DE PENSIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE*	
☐ TRABALLADOR CONTA ALLEA CON MÁIS DE 65 ANOS, EXENTO DE COTIZAR	☐ ANULACIÓN DE PENSIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE OU XUBILACIÓN*	
(*)Estas causas unicamente se poderán marcar cando o subscritor dispoña da resolución en virtude da cal fose declarado plenamente capaz ou con incapacidade permanente parcial para a profesión habitual como consecuencia do expediente de revisión por melloría ou erro do diagnóstico, ou da resolución en virtude da cal se anulou a súa pensión.		
4.2 EFECTOS DA ALTA (Cubrir unicamente nos supostos indicados nas instrucións)		
☐ DÍA SEGUINTE Á BAIXA NO RÉXIME OU INICIO DO DÍA DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE. SITUACIÓN POLA QUE SE SOLICITA O CONVENIO		
☐ DÍA DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE		

ADVERTENCIA: Existe a su disposición este impreso redactado en lengua castellana.

4.3 BASE DE COTIZACIÓN DO CONVENIO (Cubrir unicamente nos supostos indicados nas instrucións)

☐ MÁXIMA ☐ MEDIA (ÚLTIMOS 12 MESES CONSECUTIVOS) ☐ MÍNIMA ☐ INTERMEDIA. INDIQUE A CONTÍA ELIXIDA:

ACTUALIZACIÓN DA BASE DE COTIZACIÓN

(Para cubrir este apartado, lea as instrucións que figuran respecto diso neste documento)

SÍ ☐ NON ☐

INCREMENTO AUTOMÁTICO DA BASE DE COTIZACIÓN

(Para cubrir este apartado, lea as instrucións que figuran respecto diso neste documento)

SÍ ☐ NON ☐

5. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE DE VARIACIÓN DE DATOS/SUSPENSIÓN/CONTINUACIÓN DO CONVENIO ESPECIAL

CAUSA DA VARIACIÓN DE DATOS/ SUSPENSIÓN/CONTINUACIÓN

DATA DA VARIACIÓN DE DATOS/SUSPENSIÓN/CONTINUACIÓN

Día Mes Ano

6. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE DE BAIXA

CAUSA DA BAIXA

☐ VOLUNTARIA ☐ FALECIMENTO ☐ ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PENSIONISTA* ☐ INICIO ACTIVIDADE CON BASE DE COTIZACIÓN IGUAL OU SUPERIOR Á BASE DO CONVENIO

☐ OUTRAS CAUSAS (Indicar cal)

(*) A causa "adquisición da condición de pensionista" unicamente poderá marcarse cando o subscritor do convenio especial dispoña da resolución de recoñecemento da pensión de que se trate, expedida polo organismo competente

7. DATOS RELATIVOS AO REPRESENTANTE (No caso de que o subscritor resida no estranxeiro, será obrigatorio designar representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL DO REPRESENTANTE

TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

NIF NIE PASAPORTE

NÚM. DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA PÚBLICA

BLOQUE NÚM. BIS ESCAL. PISO PORTA COD. POSTAL

MUNICIPIO/ENTIDADE DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO

PROVINCIA

CORREO ELECTRÓNICO

ACEPTO ENVÍO COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL

SÍ ☐NON ☐

TELÉFONO MÓBIL

8. DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

DOMICILIO DO SUBSCRITOR

DOMICILIO DO REPRESENTANTE

9. DATOS RELATIVOS AO SUXEITO RESPONSABLE DO INGRESO DAS COTAS E Á DOMICILIACIÓN DO PAGO

DATOS IDENTIFICATIVOS DO SUXEITO RESPONSABLE DO INGRESO DE COTAS

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL DO SUXEITO RESPONSABLE DO INGRESO DE COTAS

TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (Marque cunha X o que proceda)

NIF NIE

NÚM. DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

NÚM. IDENTIFICATIVO DE SEGURIDADE SOCIAL (1)

DATOS PARA A DOMICIALIZACIÓN

CÓDIGO DE CONTA BANCARIA

E S

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL DO TITULAR DA CONTA DE DÉBITO

TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

NIF NIE

NÚM. DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA PÚBLICA

BLOQUE NÚM. BIS ESCAL. PISO PORTA COD. POSTAL

MUNICIPIO/ENTIDADE DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO

PROVINCIA

CORREO ELECTRÓNICO

ACEPTO ENVÍO COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL

SÍ ☐NON ☐

TELÉFONO MÓBIL

SINATURA

Mediante a sinatura desta orde/mandato, o titular dos datos de domiciliación autoriza:

(I) A Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) para enviar instrucións de cargo á entidade financeira indicada, en concepto de cotas da Seguridade Social a cargo do traballador ou do suxeito responsable de pago.

(II) A entidade financeira para efectuar os cargos na súa contra seguindo as instrucións da TXSS.

(1) Núm. de afiliación. Código de conta de cotización ou número de expediente

(2) Sinatura tanto do titular da conta coma do responsable de pago, aínda no caso de que sexa a mesma persoa.

Sinatura do titular da conta (2)

Sinatura do responsable de pago (2)

DATA DA SINATURA

Día Mes Ano

10. DATOS COMPLEMENTARIOS PARA A SOLICITUDE DE ALTA/VARIACIÓN DE DATOS DE DETERMINADOS CONVENIOS

Cubrirase unicamente nos seguintes supostos:

- CONVENIOS ESPECIAIS PARA ASISTENCIA SANITARIA DE PENSIONISTAS DE SUÍZA CON RESIDENCIA EN ESPAÑA
- CONVENIO ESPECIAL PARA EMIGRANTES E FILLOS DE EMIGRANTES
- CONVENIO ESPECIAL PARA FUNCIONARIOS OU EMPREGADOS ESPAÑOIS DE ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS INTERGOBERNAMENTAIS

10.1 CONVENIOS ESPECIAIS PARA ASISTENCIA SANITARIA DE PENSIONISTAS DE SUÍZA CON RESIDENCIA EN ESPAÑA

DATA DE RETORNO OU DE FIXACIÓN DA RESIDENCIA HABITUAL EN ESPAÑA OU DE RECOÑECEMENTO DA PENSIÓN (SE É POSTERIOR)					
Día		Mes		Ano	
CONTINXENCIA DA QUE DERIVA A PENSIÓN, RENDA OU CANTIDADE A TANTO ALZADO PERCIBIDA POLO PAÍS NO QUE DESEMPENOU A SÚA ACTIVIDADE LABORAL					
ENFERMIDADE COMÚN OU ACCIDENTE NON LABORAL		☐	ACCIDENTE DE TRABALLO OU ENFERMIDADE PROFESIONAL		☐
DATOS DO PENSIONISTA SUÍZO RESIDENTE EN ESPAÑA FALECIDO					
APELIDOS E NOME		DATA FALECIMENTO		DNI/PASAPORTE	NÚMERO SEGURIDADE SOCIAL
O SUBSCRITOR TEN DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA DA SEGURIDADE SOCIAL?				SÍ ☐	SINATURA
				NON ☐	
A TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL PROCEDERÁ A COMPROBAR, MEDIANTE CONSULTA Á PLATAFORMA DE INTERMEDIACIÓN DE DATOS, O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE DOMICILIO E RESIDENCIA ESTABLECIDO LEGALMENTE PARA A SUBSCRICIÓN E O MANTEMENTO DESTES CONVENIOS ESPECIAIS					
OPÓÑOME Á CONSULTA ☐					

10.2 CONVENIO ESPECIAL PARA EMIGRANTES E FILLOS DE EMIGRANTES

☐ RESIDENTES NO ESTRANXEIRO					
ACTIVIDADE PROFESIONAL DESENVOLVIDA NO ESTRANXEIRO				DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE NO ESTRANXEIRO	
				Día Mes Ano	
PAÍS DE RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO		DATA DESDE		DATA ATA	
		Día Mes Ano		Día Mes Ano	
☐ RETORNADOS A ESPAÑA					
ÚLTIMA ACTIVIDADE PROFESIONAL DESENVOLVIDA NO ESTRANXEIRO				DATA DE CESAMENTO DA ACTIVIDADE NO ESTRANXEIRO	
				Día Mes Ano	
PAÍS ONDE REALIZOU A ÚLTIMA ACTIVIDADE PROFESIONAL				DATA DE RETORNO A ESPAÑA	
				Día Mes Ano	
O EMIGRANTE RETORNADO ATÓPASE INCLUÍDO NALGÚN RÉXIME XURÍDICO DE PREVISIÓN SOCIAL?				SÍ ☐	SINATURA
				NON ☐	
A TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL PROCEDERÁ A COMPROBAR, MEDIANTE CONSULTA Á PLATAFORMA DE INTERMEDIACIÓN DE DATOS, O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE DOMICILIO E RESIDENCIA ESTABLECIDO LEGALMENTE PARA A SUBSCRICIÓN E O MANTEMENTO DESTES CONVENIOS ESPECIAIS					
OPÓÑOME Á CONSULTA ☐					

10.3 CONVENIO ESPECIAL PARA FUNCIONARIOS OU EMPREGADOS ESPAÑOIS DE ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS INTERGOBERNAMENTAIS

DENOMINACIÓN DA ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL INTERGOBERNAMENTAL	
A TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL PROCEDERÁ A COMPROBAR, MEDIANTE CONSULTA Á PLATAFORMA DE INTERMEDIACIÓN DE DATOS, O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE DOMICILIO E RESIDENCIA ESTABLECIDO LEGALMENTE PARA A SUBSCRICIÓN E O MANTEMENTO DESTES CONVENIOS ESPECIAIS	
OPÓÑOME Á CONSULTA ☐	

11. SINATURA DA SOLICITUDE

SINATURA DO SUBSCRITOR	SINATURA E SELO DO REPRESENTANTE

12. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR EN FUNCIÓN DO TIPO DE SOLICITUDE E DE CONVENIO ESPECIAL

CONSULTAR O APARTADO 12 DAS INSTRUCCIÓNS DESTA SOLICITUDE, ONDE SE RELACIONA A DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR EN CADA CASO

ADVERTENCIA: Existe a su disposición este impreso redactado en lengua castellana.

INSTRUCCIÓN

O documento deberá cubrirse a máquina ou con letras maiúsculas, sen emendas nin riscos.

Este modelo utilízase para efectuar as solicitudes de alta, baixa ou variación de datos de convenios especiais, agás se se trata dun convenio especial de coidadores non profesionais, convenio especial de persoas con discapacidade, convenio especial ERE (salvo ERE SINTEL) e convenio especial por prácticas que dispoñen de formularios específicos.

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO SUBSCRITOR

(Cubrirase en todos os casos)

Apelidos e nome: indícanse os apelidos e o nome completo do subscritor do convenio especial.

Número de Seguridade Social: anótase o número de Seguridade Social ou o número de afiliación do subscritor.

Data de nacemento: indícase a data de nacemento do subscritor.

Tipo e número de documento identificativo: marque cunha X o número de identificación fiscal (NIF), o número de identidade de estranxeiro (NIE) ou o número de pasaporte, e indique o número deste.

Domicilio: fírase constar o domicilio de residencia habitual do subscritor. As denominacións do nome da vía pública e do municipio/entidade de ámbito territorial inferior ao municipio anótanse completas. Este domicilio utilízase para os efectos de notificacións, salvo que no apartado 8, relativo ao domicilio para os efectos de notificacións, se opte por recibir as notificacións no domicilio do representante.

Datos telemáticos: a anotación de "si" supoñerá a aceptación de comunicacións informativas da Seguridade Social.

2. TIPO DE SOLICITUDE

(Cubrirase en todos os casos)

Marcarase cunha X de que tipo de solicitude se trata: alta, variación de datos, baixa, suspensión ou continuación do convenio especial.

3. TIPO DE CONVENIO ESPECIAL

(Cubrirase nos casos nos que se solicite a alta no convenio especial)

Normal ou ordinario: marcarase cunha X se a solicitude é relativa a este tipo de convenio especial.

Convenios para emigrantes e fillos de emigrantes: marcarase cunha X a identificación do convenio respecto do cal se realiza a solicitude (residentes no estranxeiro, retornados ou residentes en España a bordo de embarcacións estranxeiras). Así mesmo, en caso de marcar as opcións residentes no estranxeiro ou retornados, marcarase cunha X se o subscritor do convenio especial é emigrante ou fillo de emigrante. Para os solicitantes deste tipo de convenio especial, é obrigatorio cubrir o apartado 10.2 deste formulario.

Convenios para funcionarios ou empregados españois de organizacións internacionais intergubernamentais: marcarase cunha X se se trata dun organismo con sede en España ou con sede no estranxeiro. Para os solicitantes deste tipo de convenio especial, é obrigatorio cubrir o apartado 10.3 deste formulario.

Convenios para traballadores incluídos en expedientes de regulación de emprego 76/2000 e 25/2001 (SINTEL): será obrigatorio anotar a data en que causou baixa na empresa como consecuencia do expediente de regulación de emprego. Así mesmo, indícase se o subscritor realiza ou non algunha actividade por conta allea ou por conta propia. Ademais, indícase se o subscritor é ou non perceptor do subsidio para maiores de 52 anos, con dereito a cotización pola continxencia de xubilación.

Outros tipos de convenios especiais: marcarase cunha X o tipo de convenio especial do cal se realiza a solicitude. En caso de marcar "Folga ou peche patronal", indícase a data de finalización da folga ou do peche patronal.

4. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE DE ALTA

(Cubrirase nos casos nos que se solicite a alta no convenio especial)

4.1. Causa da alta: cubrirase unicamente se o tipo de convenio especial anotado no apartado 3 é o normal ou ordinario. Marcarase cunha X a causa que motiva a solicitude do convenio especial.

4.2. Efectos da alta: cubrirase unicamente se o tipo de convenio especial anotado no apartado 3 é algún dos seguintes: normal ou ordinario, perceptor de subsidio de desemprego para maiores de 52 anos, traballador fixo discontinuo perceptor do subsidio de desemprego, redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario, traballadores contratados a tempo parcial ou funcionarios ou empregados españois de organizacións internacionais intergubernamentais.

A opción "Día seguinte á baixa no réxime ou inicio da situación pola que se solicita o convenio" unicamente poderá marcarse cando a solicitude de alta no convenio especial se presente dentro dos 90 días naturais seguintes á data do cesamento na actividade ou na situación que determine a subscrición do convenio especial. Se se presenta fóra do prazo indicado, o convenio especial producirá efectos desde o día da presentación da solicitude, con independencia da opción seleccionada.

4.3. Base de cotización do convenio: cubrirase unicamente se o tipo de convenio especial anotado no apartado 3 é algún dos seguintes: normal ou ordinario, perceptor do subsidio de desemprego para maiores de 52 anos, traballador fixo discontinuo perceptor do subsidio de desemprego, redución de xornada de traballo con diminución proporcional do salario, traballador con contrato a tempo parcial, deportista de alto nivel, funcionarios/empregados de organismos internacionais, funcionarios ou axentes da Unión Europea.

No suposto de solicitude de alta nun convenio especial normal ou ordinario por causar baixa no sistema especial para empregados do fogar, se se opta por cotizar pola base mínima aplicaráselle a base mínima do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

Actualización da base de cotización: no caso de que se elixise a base máxima ou a base media, indícase se se desexa ou non que esta base se incremente en cada exercicio posterior á baixa no traballo ou ao cesamento na actividade na mesma porcentaxe en que aumentou a base máxima do grupo de cotización correspondente á súa categoría profesional ou a do réxime en que estivese encadrado. Este apartado unicamente poderá cubrirse no caso de que a baixa no traballo e os efectos do convenio non se produzan no mesmo ano natural.

Incremento automático da base de cotización: no caso de que se elixise a base máxima, base media ou base intermedia, indícase se se desexa ou non que esta base se incremente automaticamente na mesma porcentaxe en que aumente en diante a base máxima de cotización do réxime da Seguridade Social de que se trate. No suposto de non optar por este incremento, a base incrementárase automaticamente na mesma porcentaxe en que aumente en diante a base mínima de cotización do réxime especial de traballadores por conta propia. Así mesmo, este último incremento aplicarase no caso de que se elixise a base mínima.

5. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE DE VARIACIÓN DE DATOS/SUSPENSIÓN/CONTINUACIÓN

(Cubrirase nos casos en que se solicite a suspensión, continuación ou extensión do convenio especial)

Causa da variación de datos/suspensión/continuación. Indícase a causa que motiva a variación de datos, suspensión ou continuación do convenio especial.

Data da variación de datos/suspensión/continuación. Indícase a data da variación de datos, suspensión ou continuación do convenio especial.

6. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE DE BAIXA

(Cubrirase nos casos en que se solicite a baixa do convenio especial)

Marcarase cunha X a causa pola que se solicita a baixa no convenio especial. En caso de que se trate dunha causa distinta das previstas, indicarse cal é. Se a causa elixida é "voluntaria", o convenio especial extinguirase o último día do mes da data en que se presentou a solicitude de baixa. A causa "adquisición da condición de pensionista" unicamente poderá marcarse cando o subscritor do convenio especial dispoña da resolución de recoñecemento da pensión de que se trate, expedida polo organismo competente. Neste suposto, a baixa no convenio especial será o día anterior ao da adquisición da condición de pensionista, con independencia do momento no que se presente a solicitude.

7. DATOS RELATIVOS AO REPRESENTANTE

(Cubrirase nos casos nos que se presente a solicitude por un representante do subscritor)

Nome e apelidos ou razón social do representante: indicaranse os apelidos e o nome completo do representante ou a razón social.

Tipo e número de documento identificativo: marque cunha X o número de identificación fiscal (NIF), número de identidade de estranxeiro (NIE) ou pasaporte, e indique o número deste.

Número de Seguridade Social: anótase o número da Seguridade Social ou o número de afiliación do representante.

Domicilio: farase constar o domicilio do representante.

Datos telemáticos: a anotación de "si" supoñerá a aceptación de comunicacións informativas da Seguridade Social.

8. DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Marcarase cunha X se se prefire, para os efectos de recibir as notificacións da Administración da Seguridade Social, o domicilio anotado nos datos do subscritor ou do representante

9. DATOS RELATIVOS AO SUXEITO RESPONSABLE DO INGRESO DAS COTAS E Á DOMICILIACIÓN DO PAGO

(Cubriranse, de forma obrigatoria, todos os datos correspondentes a este apartado)

O suxeito responsable do ingreso da cotización é, con carácter xeral, o subscritor do convenio especial. Neste caso, nos datos relativos ao suxeito responsable do ingreso da cotización deberánse anotar os datos do propio subscritor.

Con todo, poderá asumir a responsabilidade do pago unha persoa física ou xurídica distinta do subscritor. Neste caso, nos datos relativos ao suxeito responsable do ingreso da cotización deberánse anotar os datos de quen asuma a citada responsabilidade.

Ademais, existe a posibilidade de que o titular da conta bancaria onde se domicilie o pago das cotas sexa distinto do suxeito responsable do ingreso das cotas. Neste caso, deberánse cubrir os datos do titular da conta de débito.

En todo caso, debe asinar tanto o titular da conta coma o responsable de pago, aínda que se trate da mesma persoa.

Mediante a domiciliación do pago de cotas, a Tesourería Xeral da Seguridade Social efectuará unha orde de débito ao seu banco ou caixa para o pago das súas cotizacións en período voluntario que se realizará o último día hábil do mes.

10. DATOS COMPLEMENTARIOS PARA A SOLICITUDE DE ALTA/VARIACIÓN DE DATOS DE DETERMINADOS

TIPOS DE CONVENIO

10.1 CONVENIOS ESPECIAIS PARA ASISTENCIA SANITARIA DE PENSIONISTAS DE SUÍZA CON RESIDENCIA EN ESPAÑA

Data de retorno ou de fixación da residencia habitual en España ou de recoñecemento da pensión, se é posterior: anótase a data de fixación da súa residencia habitual en España ou, de ser posterior ao retorno, a data de adquisición da condición de pensionista do sistema de previsión social estranxeiro.

Continxencia da que deriva a pensión, renda ou cantidade a tanto alzado percibida polo país no que desempeñase a súa actividade laboral: indicarse se a continxencia da que deriva a pensión, renda ou cantidade a tanto alzado percibida deriva de continxencias comúns ou de continxencias profesionais.

Datos do pensionista suízo residente en España falecido: no caso de que o convenio especial o subscriba un familiar do pensionista de Suíza falecido, indicaranse os datos identificativos do pensionista de Suíza falecido, así como a data de falecemento.

Declaración sobre o dereito á asistencia sanitaria da Seguridade Social: se o convenio especial é solicitado por algún familiar do pensionista de Suíza falecido, o familiar efectuará esta declaración e marcará cunha X o apartado que proceda. Ademais, deberá asinar no recadro correspondente.

Oposición á consulta á Plataforma de intermediación de datos: marcarase esta casa se o subscritor se opón á consulta por parte da TXSS do cumprimento do requisito de domicilio e residencia a través da Plataforma de intermediación de datos. En caso de opoñerse, deberá achegar obrigatoriamente xunto con esta solicitude un certificado de empadramento.

10.2 CONVENIO ESPECIAL PARA EMIGRANTES E FILLOS DE EMIGRANTES

Cubriranse todos os datos do apartado "Residentes no estranxeiro" ou do apartado "Retornados a España", en función de se se solicita a alta ou a variación de datos nun convenio especial de emigrantes residentes no estranxeiro ou dun convenio especial de emigrantes retornados a España, respectivamente.

Se o convenio especial é solicitado por un emigrante retornado, deberánse cubrir os seguintes campos:

Declaración sobre a inclusión do subscritor nalgún réxime xurídico de previsión social: deberase marcar, obrigatoriamente, se o subscritor se atopa ou non incluído nalgún réxime de previsión social. Ademais, deberase asinar no recadro correspondente.

Oposición á consulta á Plataforma de intermediación de datos: marcarase esta casa se o subscritor se opón á consulta por parte da TXSS do cumprimento do requisito de domicilio e residencia a través da Plataforma de intermediación de datos. En caso de opoñerse, deberá achegar obrigatoriamente xunto con esta solicitude un certificado de empadramento.

10.3 CONVENIO ESPECIAL PARA FUNCIONARIOS OU EMPREGADOS ESPAÑOIS DE ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS INTERGOBERNAMENTAIS

Cubrirase, de forma obrigatoria, o campo relativo á denominación da organización internacional intergubernamental para a que presta os seus servizos o subscritor do convenio especial.

Oposición á consulta á Plataforma de intermediación de datos: No suposto de organizacións internacionais intergubernamentais con sede en España, marcarase este recadro se o subscritor se opón á consulta por parte da TXSS dos datos de domicilio e residencia a través da plataforma de intermediación de datos. No caso de opoñerse, deberá achegar o certificado de empadramento xunto con esta solicitude.

11. SINATURA DA SOLICITUDE

A sinatura da solicitude é obrigatoria.

12. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

A. SOLICITUDE DE ALTA

Xunto a todas as solicitudes de alta, será obrigatorio presentar a seguinte documentación:

- Documento identificativo do subscritor: documento nacional de identidade (NIF), tarxeta de identidade de estranxeiro (NIE) ou pasaporte, en función da opción seleccionada no apartado 1 deste formulario.
- Se o subscritor non se atopa afiliado á Seguridade Social española, deberá dispoñer do número de afiliación (NAF) ou de Seguridade Social (NUSS) para poder subscribir este convenio. O NAF/NUSS pódese obter de forma telemática na ligazón "Solicitar o número da Seguridade Social", dispoñible no portal da Tesourería Xeral da Seguridade Social, apartado "Altas, baixas e modificacións". Alternativamente, xunto con esta solicitude, pode achegar o modelo TA.1, dispoñible na páxina web da Seguridade Social.

A continuación, indícase a documentación específica que se debe achegar xunto á solicitude de alta, en función do tipo de convenio:

NORMAL OU ORDINARIO: cando se seleccionou algunha destas causas de alta:

- Revisión de pensión de incapacidade permanente: copia da resolución en virtude da cal o subscritor foi declarado plenamente capaz ou con incapacidade permanente parcial para a profesión habitual como consecuencia do expediente de revisión por melloría ou erro de diagnóstico.
- Anulación de pensión de incapacidade permanente ou xubilación: copia da resolución administrativa ou sentenza firmes de anulación da pensión.
- Baixa nun réxime por solicitude de pensión, posteriormente denegada: copia da resolución administrativa ou sentenza firmes de denegación da pensión.

DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL: acreditación da súa condición como deportista de alto nivel.

TRABALLADORES INCLUÍDOS EN EXPEDIENTES DE REGULACIÓN DE EMPREGO 76/2000 E 25/2001 (SINTEL): modelo oficial establecido polo SPEE de solicitude de concesión da axuda regulada no Real decreto 1010/2009, do 19 de xuño, dirixida ao SPEE.

TRABALLADORES INCLUÍDOS NO RÉXIME ESPECIAL DA MINERÍA DO CARBÓN: certificado da empresa ou empresas, onde figure a categoría profesional na empresa na que cesa para subscribir o convenio.

PERCEPTORES DE PENSIÓNS SUÍZAS, RESIDENTES EN ESPAÑA:

- Documento acreditativo de que o solicitante é titular dunha pensión ou renda concedida exclusivamente en virtude da lexislación federal suíza de Seguridade Social.
- Documento acreditativo de ter nacionalidade suíza ou española.
- En caso de opoñerse á consulta á Plataforma de intermediación de datos indicada no apartado 10.1 desta solicitude, deberá achegar un documento acreditativo da data de fixación da súa residencia habitual en España (certificado de empadramento).

Respecto dos familiares do titular falecido:

- Certificado de defunción.
- Documento acreditativo do parentesco, dependencia económica e convivencia co falecido.
- A mesma documentación sinalada no apartado anterior esixida ao titular, salvo que o falecido fose xa subscritor dun convenio de asistencia sanitaria.

EMIGRANTES E FILLOS DESTES, SEGRARES, MISIONEIRO E COOPERANTES ESPAÑOIS QUE TRABALLEN NO ESTRANXEIRO:

- No caso de que domicilie a cota nunha conta aberta en España, cuxo titular careza de DNI, deberá achegar o NIF, expedido polo consulado ou embaixada española do país onde reside.
- A estancia no estranxeiro do emigrante poderá acreditarse cunha copia do permiso de residencia ou de estancia, estendidos polas autoridades correspondentes do devandito país, compulsada pola Consellería de Traballo e Inmigración española ou polo consulado español do país de inmigración, ou mediante un certificado de inscrición no rexistro de matrícula da embaixada ou consulado español.
- O traballo, a prestación de servizos ou a formación no estranxeiro poderá acreditarse por calquera dos medios admitidos en dereito e, en especial, traducido e compulsado pola consellería ou polo consulado, por:
 - Copia do permiso de traballo ou certificado de traballo expedido pola empresa.
 - Certificado da condición de segrar, misionero ou cooperante expedido pola organización ou institución de quen dependa.
 - Certificado da participación en programas formativos ou de investigación expedido pola empresa, entidade ou institución.

EMIGRANTES E FILLOS DESTES, ESPAÑOIS RETORNADOS:

- A realización de actividade no estranxeiro acreditarase mediante a achega de calquera documentación admitida en dereito (por exemplo: última nómina, liquidación do contrato de traballo) que acredite a realización da actividade, o cesamento nesta e a súa inclusión na Seguridade Social do país desde o que se efectuou o retorno ao territorio español.
- O retorno ao territorio español acreditarase mediante unha copia do certificado de Subdelegación do Goberno en que se indique a data de retorno a territorio español ou, na súa falta, o certificado de baixa no Rexistro de Matrícula Consular.
- En caso de opoñerse á consulta á Plataforma de intermediación de datos indicada no apartado 10.2 desta solicitude, deberá achegarse un certificado de alta no padrón municipal correspondente.

ESPAÑOIS QUE TEÑAN A CONDICIÓ DE FUNCIONARIOS OU EMPREGADOS DE ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS INTERGOVERNAMENTAIS CON SEDE NO ESTRANXEIRO:

- A condición de funcionario ou empregado das devanditas organizacións acreditarase mediante unha certificación expedida polo correspondente organismo, referendada polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.
- A residencia no estranxeiro poderase acreditar mediante unha copia do permiso de residencia ou de estancia, expedidos polas autoridades correspondentes do devandito país e compulsada pola Consellería de Traballo e Inmigración española ou polo consulado español do devandito país, ou mediante un certificado de inscrición no rexistro de matrícula da embaixada ou consulado español.

ESPAÑOIS QUE TEÑAN A CONDICIÓ DE FUNCIONARIOS OU EMPREGADOS DE ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS INTERGOVERNAMENTAIS CON SEDE EN ESPAÑA:

- A condición de funcionario ou empregado das devanditas organizacións acreditarase mediante unha certificación expedida polo correspondente organismo, referendada polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.
- En caso de opoñerse á consulta á Plataforma de intermediación de datos indicada no apartado 10.3 desta solicitude, deberá achegar un certificado de alta no padrón municipal correspondente.

B. SOLICITUDE DE VARIACIÓN DE DATOS

As solicitudes de variación de datos han de ir acompañadas da documentación que xustifique a variación no convenio especial de que se trate.

C. SOLICITUDE DE BAIXA

As solicitudes de baixa no convenio especial han de ir acompañadas da documentación que xustifique a baixa, excepto cando se trate dunha solicitude de baixa voluntaria.

Información Básica sobre Protección de Datos do Tratamento "AFILIACIÓN E INSCRICIÓN DE EMPRESA"

Responsable	Sub.Xral. Afiliación, Cotización e Recadación en Período Voluntario - Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
Finalidade	Xestión integrada da afiliación de traballadores, inscrición de empresas e autorizacións REDE. Xestión, actualización e consulta dos datos de afiliación, altas, baixas e variacións de traballadores e de inscrición das empresas.
Lexitimación	▪ RXP.D.- Artigo 6. 1. a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos. ▪ RXP.D.- Artigo 6. 1. c) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. ▪ RXP.D.- Artigo 6. 1. e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. ▪ Lei Xeral de Seguridade Social, Texto Refundido (RD - Lexislativo 8/2015).
Destinatarios	Entidades Xestoras da Seguridade Social, Inspección de Traballo e Seguridade Social, Mutuas Colaboradoras da Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial, Departamentos Ministeriais, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Instituto Nacional de Estadística, Comunidades Autónomas, Entidades Locais, Xulgados e Tribunais, Axentes Sociais e Entidades Financeiras.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e a opoñerse a tratamentos non consentidos, así como outros dereitos, segundo se detalla na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información detallada sobre protección de datos e este tratamento, na nosa sede electrónica .